



PAGAMENTO DAS MATRÍCULAS DO CURSO DE ESPECIALIZACIÓN EN DEREITO DA PUBLICIDADE.

O punto 5 da Resolución do 15 de febreiro de 2011 pola que se convoca un curso de especialización en dereito da publicidade (DOG nº 35, do 21 de febreiro) establece os importes das matrículas que é preciso aboar para participar no citado curso:

- Os solicitantes que cumpran as condicións establecidas no punto 4.1 da citada resolución: **150,00 €.**
- Os demais solicitantes: **300,00 €.**

O importe pode facerse efectivo na súa totalidade ao comezo do curso .

A continuación determínanse, de acordo co punto 6 da referida resolución, os modos e prazos para proceder ao pagamento das referidas matrículas:

PAZOS PARA O PAGAMENTO DAS MATRÍCULAS.

Os alumnos admitidos terán como día límite para realizar o pagamento o día **21 de marzo de 2011.**

MODOS DE PAGAMENTO DAS MATRÍCULAS.

1) Pagamento de xeito telemático:

Para acceder a esta forma de pagamento hai que entrar, dentro da páxina web da Consellería de Facenda, na Oficina Virtual Tributaria en Servizos de Acceso Libre, no menú da esquerda escollemos “Taxas, prezos, multas e sancións” e prememos na ligazón “Pago telemático de taxas e prezos”. A través desta aplicación pode pagar os prezos vía telemática, ben con pago con tarxeta ou ben mediante pagamento presencial con NRC. Se ademais tamén dispón de certificado dixital, entrando na oficina virtual a través desa opción, poderán pagar con cargo en conta.

2) Utilizando o modelo AI:

Accesible na páxina web da Consellería de Facenda. Para a confección on-line deste impreso deberán entrar na páxina da Consellería de Facenda, dentro do apartado “Tributos” premer a ligazón “Taxas e prezos” no menú da marxe esquerda e a continuación “Confección on-line de impresos”, dentro deste apartado prememos na ligazón “Modelo AI. Autoliquidación de taxas”. Aí



poderá cubrir o modelo e despois descargalo ou ben descargalo en branco e cubriilo a man. Este impreso é totalmente válido para pagar en calquera entidade colaboradora.

Para a formalización dos pagamentos, calquera que sexa a forma elixida, lémbrese que deberá empregar os seguintes códigos, no bloque de códigos do impreso de liquidación:

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	Código 04
Delegación de: Servizos Centrais	Código 13
Servizo: Escola Galega de Administración Pública	Código 02
Denominación do prezo	
Matriculas de cursos da EGAP	Código 360300

Para calquera dúbida en relación co pagamento das matriculas poden chamar aos teléfonos: 981 54 62 40/42, ou ben enviar un correo electrónico ao seguinte enderezo: economico.egap@xunta.es

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2011.

O director da EGAP.

Pablo Figueroa Dorrego.